




María V. Morán

Biografía

Día das letras galegas 2018



OS PRIMEIROS ANOS



María Victoria Moreno Márquez naceu na vila cacereña de Valencia de Alcántara o 1 de maio de 1936.

Filla de Vicente Moreno Moreno, militar toledano con estudos de Dereito, e de Sara Márquez Bueno, malagueña e mestra.

Vicente e Sara tiveron tres fillos máis: Sara, Antonio e Rafael.

A vida de María Victoria non foi fácil, eran os tempos da postguerra, que rematara uns meses antes do seu nacemento, e a fame e as carencias de todo tipo eran moeda común entre os españois.

O matrimonio, ao pouco de rematar a Guerra Civil, trasládase a Badaxoz e

más tarde, en 1943, a Segovia, cidade na que Vicente exercerá como administrador da Prisión Provincial e onde nace Rafael, o seu cuarto fillo. Aquí pasan sete anos, vivindo no edificio carcelario.

No ano 1949, Sara, a nai, solicita o seu reingreso como mestra e é destinada a Sepúlveda, na mesma provincia de Segovia, e alí se traslada cos catro fillos, mentres que Vicente continúa co seu traballo na capital da provincia como fun-



cionario de prisións.

En setembro, no mesmo mes do comezo das clases, Vicente faleceu de tuberculose, unha enfermidade que daquela, pola ausencia de antibióticos, era considerada mortal.

A familia queda moi afectada economicamente, só co reducido soldo da nai. Esta mala situación económica ten como consecuencia que María Victoria non poderá ir a estudar o bacharelato a Segovia, a capital, onde estaba o único instituto da provincia.

Aos doce anos, María Victoria consegue praza de interna nun colexio da Sección Feminina da Falanxe para cursar os estudos de bacharelato. O resto dos irmáns foron espallados en colexios de Sanlúcar de Barrameda, en Cádiz; en Aranda de Duero, Burgos, e en Medina de Rioseco, Valladolid. A nai conseguiu destino como mestra en Estepona, Málaga, preto das súas irmás.



CHEGADA A GALICIA



Unha vez rematado o bacharelato, en 1959, comezou M^a Victoria os estudos na Universidade Complutense de Madrid.

Matriculouse na Facultade de Filosofía e Letras para estudar Filoloxía Románica. Alí recibiu clases de dous grandes da literatura española: Rafael Lapesa e Dámaso Alonso, que deixaron unha fonda pegada na súa vida.

Nesta época compaxinou os estudos universitarios coa impartición de clases gratuítas de francés no barrio obreiro de Entrevías, en Madrid.

Na Universidade Complutense coñeceu o que sería o seu primeiro marido, o valenciano José Luis Llácer, co que casaría no verán de 1963. José Luis era invidente dende os tres anos e María Victoria exercía de lectora para el, ao tempo que facía traducións do francés para a ONCE.

E de Madrid deron o salto para Galicia. El foi destinado ao Colexio Santiago Apóstolo en Pontevedra, un colexio dependente da ONCE e no que recibían formación específica os invidentes. María Victoria foi contratada como profesora de instituto.



MARÍA VICTORIA
MORENO MÁRQUEZ





En Pontevedra, M^a Victoria aproba as oposicións como profesora de Lingua e Literatura Española e é destinada, en 1965, ao Instituto Masculino de Lugo.

Nesta cidade ten como compañeiros a Xesús Alonso Montero e á súa dona, Emilia Pimentel, e como alumno ao poeta Xesús Rábade Paredes. Nesta época comeza a coñecer a literatura galega e a nosa cultura.

Dous anos despois volta a Pontevedra para dar clases de literatura española no Instituto Feminino, o que máis tarde será o IES «Valle Inclán». Aquí estará ata o ano 1986.

Nesta época adquire un compromiso firme co noso idioma e, en 1972, comeza a impartir cursos de galego para adultos en diferentes vilas galegas. Como consecuencia deste activismo convértese en sospeitosa de ser antifranquista e a Comisaría de Policía de Pontevedra retíralle, en 1974, o pasaporte como represalia por dar un curso de galego no Ateneo de Ourense.



MARÍA VICTORIA
MORENO MÁRQUEZ



A LIBRARÍA XUNTANZA



No ano 1973 abre, en Pontevedra, na rúa Andrés Muruais e en unión do seu marido e outros compañeiros e amigos, a librería Xuntanza.

Despois dunha intensa actividade cultural e de divulgación de libros censurados, a librería ten que pechar tres anos despois da súa inauguración por mor das débedes acumuladas.

Neste tempo, María Victoria e José Luis adoptan a Begoña e Carlos Alberto, dous irmáns.

Son anos dunha gran actividade literaria: publica, en Edicións do Castro, Mar Adiante; gaña o 1º Premio de Contos Infantís O Facho, da Coruña, coa obra «O cataventos», que é publicado catro anos despois, en 1979; publica o libro de texto «Literatura galega. Século XX»...

En 1986 publica «Leonardo e os fontaneiros» e «A festa no faiado», os dous na Editorial Galaxia. Un ano despois aparece «Literatura Galega», libro de texto para 3º de bacharelato, da que é coautora en unión de Xesús Rábade e Luís A. Girgado.

Pero pode que o seu libro máis fundamental e importante é «Anagnórise». Publicado por editorial Galaxia no ano 1988, o mesmo ano no que o director



desta editorial, que daquela era Carlos Casares, noméaa como co-responsable da colección Árbore, adicada á publicación de libros dirixidos ao público infantil e xuvenil.

En 1990 volta a Pontevedra, ao IES «Torrente Ballester», despois de estar destinada como catedrática durante catro anos no IES de Vilalonga, en Sanxenxo.

Non para de publicar: «Verso e Prosa», «As linguas de España», «Querida avoa», «Pan con chocolate», «O libro das saudades e os degoiros», «Un cachiño de bica», «E haberá tirón de orellas?», «Guedellas de seda e liño»...

Pero nesta época tamén hai momentos duros, José Luis, o seu marido, falece a principios de 1996 e pouco despois a ela diagnósticaselle un cancro de mama. Durante o tempo que dura o seu tratamento non deixa de asistir a clase nin de publicar. En 2002 xubíbase como catedrática do IES «Torrente Ballester» ao que doa a súa biblioteca.

Casou, en segundas nupcias, con Pedro Ferriol, un cubano con raíces galegas e capitán da mariña mercante que dende Cuba descubriera a súa literatura.

O 22 de novembro de 2005, o mesmo ano da publicación de «Eu canto, ti cantas...», faleceu no Hospital Provincial de Pontevedra.



AS PUBLICACIÓNS: «MAR ADIANTE»

A presentación de M^a Victoria no mundo editorial galego foi coa obra «Mar adiante», publicada en 1973 por Edicións do Castro, de Sada (A Coruña) e que leva por subtítulo «Historias de nenos pra nenos».

A obra conta a historia dun grupo de rapaces e rapazas da vila de Portosouril aos que unha mestra lles pon escola nun barco, o Arroás.

Neste conto mestúrase a vida de Miguel, un vello mariñeiro; de Lola, a cociñeira; de María Isabel, a sabichona; o capitán, Xosé Luís... e dunha chea de personaxes máis, moitos con nomes de persoas reais coñecidas pola autora.

A trama consiste, basicamente, no relato dunha profesora á que non lle cren que puxera escola nun barco e á que non lle queda máis remedio que escribir as súas vivencias.

A primeira edición estaba ilustrada pola mesma autora e coa cuberta de Carme Arias.

A outra gran novidade deste libro é que aparecen rapazas como protagonistas do relato.

En 2009 publicouse unha segunda edición da man de Xerais e con ilustracións de Manolo Uhía.




AS PUBLICACIÓNS: «LEONARDO E OS FONTANEIROS»

«Leonardo e os fontaneiros» pasa por ser o libro que máis apreciaba M^a Victoria.

A súa primeira edición foi en 1986, o mesmo ano no que a autora foi destinada como catedrática ao instituto de Vilalonga, en Sanxenxo. A obra recibira o 3º Premio O Barco de Vapor. Despois de varias edicións foi traducida ao castelán por Begoña, a filla da autora, e editada pola editorial SM en 1988.

Nesta narración cóntasenos as historias que lle suceden a Antón Andrade Asorei, un neno de catorce anos que estuda oitavo de EXB, o que hoxe sería 2º da ESO, e a Leonardo, un can. Son as trasnadas de Antón, no seu último ano no colexio «Martíño de Dumio», antes «General Franco», os líos co director do centro, con dona Rulos, a veciña vella que tira moito da cisterna, a crianza de ratos na aula, os preparativos e a suspensión da festa de fin de curso, os disfraces de cura e os discursos ao revés, as perrenchas de Galiña, a profe, as trasnadas dos «fontaneiros», o medo ao reformatorio, a mediación do profe don Xeranio, a morte dunha profesora... e as reflexións de Antón sobre a morte.



AS PUBLICACIÓNS: «EU CONTO, TI CANTAS...»

A publicación de «Eu conto, ti cantas...» prodúcese no ano 2005, xa con M^a Victoria gravemente enferma.

Este libro reúne tres contos de animais: «Xa non teño medo», «Can branco, can negro» e «Un cachiño de bica?». Está en verso e ilustrado por Manolo Uhía.

O primeiro dos contos narra a historia de Xan, un neno que ten medo pola noites cando se deita e que vai descubrir que no silencio non hai perigo e que a noite é tamén unha festa.

En «Can branco, can negro» xunta as vidas de dous cans, Nicolau e Correcamiños, dous cans con vivencias diferentes, un con todas as comodidades e o outro, que naceu na beiravía, con todas as penurias do mundo. Ao final os dous acabarán unidos e compartirán as súas vidas.

No terceiro dos contos os protagonistas son Iván e a cadela Nica, á que lle gustan moito os cachos de bica.

O libro está editado pola editorial Xerais dentro da colección Merlín.




AS PUBLICACIÓNS: «ANAGNÓRISE»

A novela «Anagnórise» foi publicada pola editorial Galaxia en 1988 e está considerada como unha novela de amor para adolescentes.

O seu protagonista é un rapaz das Rías Baixas, Nicolau Aris, que un día decide marchar a Madrid facendo autostop e é recollido por Xulia Andrade.

Durante a viaxe van xurdindo as motivacións de Nicolau para deixar a casa familiar: a morte por afogamento da súa irmá pequena, a afeción á bebida da súa nai, o embarque do seu pai nun pesqueiro, o desamor cunha rapaza, Natalia, pola confesión de Marcos sobre a súa infidelidade... Todas estas vivencias fan reflexionar ao protagonista sobre a súa vida e a súa propia identidade.

Unha semana despois da súa chegada a Madrid, con medio quilo de haxix para traficar e para consumo propio, Nicolau quere ver de novo a Xulia e, no hotel onde se hospeda esta, infórmanlle de que morreu nun accidente de coche. Ao acudir ao seu enterro, xa de volta a Galicia, descubre que Xulia é a nai da moza da que está namorado.



MAR ADIANTE

Xa estabamos todos...

O Arroás fixo soar a súa sirena por primeira vez, Mireia e Rita tremeron e o peirao encheuse de panos brancos.

Todos estabamos moi ledos...

O Arroás fixo soar a súa sirena por segunda vez.


Ana foise a xunto das pequenas para agarimalas e os panos brancos puxéronse a voar coma gaivotas.

Todos estabamos inquedaos...

O Arroás fixo soar a sirena por terceira vez e, paseniño, esvarou na auga. No comezo, o motor zoaba moi forte e o barco case non se movía. Despois o motor encalmouse e o barco corría coma un peixe.

Iamos todos na branceira, dicindo adeus ás xentes e arredándonos con morriña de Portosouril.

Cando os panos brancos que ficaban no peirao se fixeron pequeniños coma as bolboretas, o sol sorría nas fiestras e a aldea era un milagre de cores.



María V. Moreno

María Victoria Moreno: «Mar Adiante»

LEONARDO E OS FONTANEIROS

A nosa escola chamábase antes «General Franco», pero agora hai xa tempo que se chama «Martíño de Dumio». Os profesores non se dan posto de acordo co nome. A Galiña pensa que era mellor o vello, porque non se lle poden dar ás escolas nomes de descoñecidos nin de roxos. Don Xeranio di que son andacios dos tempos. O director, que anda a fardar do importante que é dirixir un centro de tan vella tradición nunha vila coma esta, laméntase do cambio:

-Agora -di- parece que se trata dunha escola de nova creación. Xa non hai respecto para nada.

A única que está satisfeita é a Rosa. Ela cóntanos cousas dos celtas, dos petroglifos, dos suevos, de Prisciliano, de san Martíño, dos foros que pagaban os labregos pobres aos amos da terra, do que pasou cando os Irmandiños quixeron poñer fin a estes abusos... E, claro, a nós tamén nos parece que a cousa está ben así e o que di a Galiña de descoñecidos e roxos se debe a que ela é unha ignorante, que nin a historia da súa terra sabe.



María V. Moreno

María Victoria Moreno: «Leonardo e os fontaneiros»

EU CONTO, TI CANTAS...


Correcamiños naceu na beiravía da estrada onde un home malo e feo botara a cadela branca, que levaba na barriga seis cadeliños de nata.

Eran todos seis moi brancos, moi bonitiños, e foi mágoa que ninguén os recibise e ninguén lles dese casa.

Cousas tristes desta vida que apesaran cando pasan...

Mais tanto a nai coma os fillos eran felices, xogaban e, dentro do que é ser pobres, non lles faltaba de nada.

A nai buscaba a comida e dábase moita maña para aquelar os cativos ao tempo que os aleitaba.



María V. Moreno

María Victoria Moreno: «Eu conto, tio cantas...»

ANAGNÓRISE

-Nicolau...

E eu biqueina na meixela, case sen tocala, por medo a mancar a súa pel magoada e branca.

Ela apertoume mainamente e preguntoume:

-De que falabades miña nai e máis ti cando estivestes a piques de bater co camiión?

Mais eu non respondín á súa pregunta porque era a voz de Xulia Andrade a que petaba con máis forza:

-A min neste momento non me preocupa nin Mércores nin Xoves. Preocúpasme ti. Collidos da man achegámonos á campa e deixamos as flores. E falamos sen palabras e o silencio do sartego parecía dicir si, sempre si, ao que nós platicabamos.

Natalia e máis eu, por primeira vez na nosa vida, estabamos no mesmo mundo. Chorabamos pola mesma razón, recordabamos un mesmo pasado e sentiamos onda nós a presenza invisible da mesma persoa. Natalia e máis eu, por primeira vez na nosa, vida estabamos no mesmo mundo e os nosos corpos aboiaban no orballo dun solpor que cheiraba a silveiras florecidas.



María Victoria Moreno

María Victoria Moreno: «Anagnórise»

ALGUNHAS OBRAS DE M^a VICTORIA MORENO

- Mar adiante*. Ediciós do Castro, 1973.
A festa no faiado. Galaxia, 1986.
Anagnórise. Galaxia, 1988.
Leonardo e os fontaneiros. Galaxia, 1990.
E haberá tirón de orelas? Galaxia, 1997.
Guedellas de seda e liño. Galaxia, 1999.
Diario da luz e a sombra. Xerais, 2004.
Eu conto, ti cantas... Xerais, 2005.
Elexías de luz. Xerais, 2006.
Onde o aire non era brisa. Galaxia, 2009.

